



## EDITORIAL

### 15 ANOS DE EDUCADORES POLA PAZ

Cumplimos neste ano 1998 o décimo quinto aniversario da creación do grupo **EDUCADORES POLA PAZ** do Movemento de Renovación Pedagóxica (MRP) **NOVA ESCOLA GALEGA**. En efecto no ano 1983 nacía na cidade de Vigo o primeiro grupo ou colectivo de educación para a paz da historia da educación en Galicia. Ao longo destes quince anos son moitas as actividades desenvolvidas por toda a xeografía galega, entre as que lembramos a organización desde o curso 1983-84 de diferentes xornadas de Educación para a Paz; a impartición de cursos para o profesorado; charlas e conferencias en centros de ensino de todos os niveis educativos; a organización dos Encontros Galegos e Galego-Portugueses de educadores pola paz; a publicación de diversos libros e material didáctico sobre educación para a paz, xogos cooperativos e resolución de conflitos; a introducción en Galicia da celebración do Día escolar pola Paz (30 de xaneiro); a participación en campañas de sensibilización e acción social; a edición do boletín informativo **NOVAPAZ**; a integración no organismo internacional máis recoñecido de investigación e educación para a paz como é o IPRA (Asociación Internacional de Investigación para a Paz), e a nivel estatal formando parte como socios fundadores e da Xunta Directiva da recen creada Asociación Española de Investigadores para a Paz (da que informamos neste número); a publicación de innumerables artigos divulgativos na prensa galega; a colaboración con outras entidades, concellos, sindicatos, ONGs, asociacións de tempo libre, etc. para fomentar a educación para a paz; o deseño, organización e difusión do proxecto multidisciplinar (plástica, música, ensaio, literatura, etc.) "**Construír a paz. Cultura para a paz**" (en parte recollido no libro de igual título, publicado por Edicións Xerais), proxecto e libro inédito no conxunto da península e do que temos recibido innumerables mostras de alento e felicitacións, tal como se recollen no dossier de máis de 300 pxs. sobre reseñas, novas de prensa, cartas, etc.

Ademáis, desde a súa fundación, **EDUCADORES POLA PAZ** ten unha proxección moi importante en todo o Estado (neste momento podemos dicir que somos o grupo decano de educación para a paz en funcionamento). Sirva como exemplo a participación de dous membros do Grupo na fundación do Seminario de Educación para a paz da APDH de Madrid; a participación como organizadores e máis como ponentes dos tres congresos Estatais de Educadores pola Paz celebrados deica o momento; a participación como organizadores e ponentes no Congreso europeo "Teachers for Peace"; a publicación de diversos libros e dos primeiros artigos no ámbito estatal; a impartición de cursos e conferencias

por toda a xeografía española; etc.

Tamén consideramos que é de xustiza reseñar a nosa significativa contribución na divulgación da educación para a paz no noso veciño país, fortalecendo a creación do movemento portugués de educadores/as pola paz a través de cursos, conferencias, publicacións, etc., e que ten a súa expresión máis xenuina nesa experiencia inédita, transfronteiriza e intercultural en si mesma como é a organización anual e con carácter rotativo dos Encontros Galego-Portugueses de Educadores pola paz (da edición deste ano tamén informamos nestas páxinas).

Durante estes quince anos, **EDUCADORES POLA PAZ** está donde sempre estivo, tanto desde o punto de vista conceptual, organizativo como na definición do grupo. Desde o punto de vista conceptual, desde o inicio das nosas actividades estamos a impulsar un **concepto positivo de paz**. Desde esta perspectiva chamamos e seguimos a chamar aos centros educativos de todos os niveis educativos para que incorporen nos seus proxectos de centro programas de sensibilización para combatir os diferentes tipos de violencia, o militarismo, o perigo nuclear, a marxinação e a exclusión social, a degradación ecolóxica, o intercambio desigual entre o Norte e o Sul do planeta, etc.

Desde o punto de vista organizativo, **EDUCADORES POLA PAZ** sempre estivo integrado no **MRP NOVA ESCOLA GALEGA (NEG)**, sendo tanto o grupo como NEG independentes de todo partido político, sindicato, confesión relixiosa, poder público ou privado, etc. Durante estes quince anos sempre fomos o que somos, un grupo de ensinantes diseminados por varios puntos da xeografía galega, que ten como obxectivo central a divulgación da educación para a paz, que na realidade galega implica tamén o compromiso coa nosa lingua e cultura. En ningún momento seguimos políticas de utilización da educación para a paz para outros fins. E isto, como se sabe, provocou algúns desencontros con persoas que, desgraciadamente tamén neste campo, xustifican calquer medio para conseguir determinados fins, sexan estes políticos ou sindicais, por exemplo. Pola nosa banda, en ningún momento fomos correa de transmisión de ninguén, moito menos da Consellería de Educación, ou de ter utilizado a educación para a paz en beneficio particular.

Desde o punto de vista da definición do grupo, **EDUCADORES POLA PAZ** sempre foi e segue a ser un grupo de persoas preocupadas pola educación da sociedade nos valores da paz. Un grupo de base, de estrutura horizontal, sen cargos rimbombantes nen estruturas


verticalistas e formalistas, en definitiva coherente organizativamente cos fins que pretendemos acadar. Somos persoas que de forma voluntaria e sen intereses políticos, sindicais ou económicos concretos, traballamos para divulgar a educación para a paz de xeito voluntario e altruista, por conseguinte sen querer vivir dela, nen ser utilizada como recurso de medre persoal ou para recibir certas prebendas do poder establecido.

En definitiva, neste **décimoquinto aniversario queremos renovar o noso compromiso solidario e desinteresado coa construción dunha cultura de paz.** Para elo, seguiremos mantendo algunhas das convocatorias

## PUBLICACIONES

**VAZQUEZ FREIRE, Miguel (1996): Mandar, obedecer, rebelarse.** Vigo, Xerais.

Dentro da interesante e recomendable colección "Etica. Biblioteca de Filosofía" de Edicións Xerais, saíu este novo material que ten moito que ver cun dos tópicos básicos da Educación para a paz, o poder e as actitudes cara o mesmo. A publicación é un caderno de traballo para utilizar co alumnado de Secundaria. En efecto, a partir dunha pequena guía para explorar os coñecementos previos, o autor vai construíndo un itinerario cheo de propostas didácticas para que o alumnado identifique os ámbitos do poder, a súa orixe, a relación violencia-lei-poder, o estado totalitario, os "outros poderes" (o poder da información, a publicidade, o poder económico, ...), e a disidencia diante do poder (lexitimidade e ilexitimidade, desobediencia civil, rebelión e revolución, ...). Sen dúbida, o profesorado de Etica, Filosofía e Ciencias Sociais, atopará neste caderno unha fonte de propostas e recursos útiles para a súa tarefa educadora. As persoas interesadas nesta publicación poden adquirila nas librerías ou directamete na editorial: Edicións Xerais. Dr. Maraño, 12. 36211 VIGO. Tfno. (986) 21 48 88. Fax (986) 20 13 66.



**CID, X.M.; DAPIA, M<sup>a</sup>.D. e FERNANDEZ, R. (Cdres.) (1997): Por unha escola do pobo. No centenario de Freinet. IX Xornadas de Educación para a paz.** Universidade de Vigo Servicio de Publicacións, Ourense.

Co motivo das IX Xornadas de Educación para a paz de Ourense, organizadas pola sección de EDUCADORES POLA PAZ da cidade das Burgas, naceu esta publicación que pretende render tributo a un dos grandes pedagogos comprometidos coa educación para a paz, precisamente no seu centenario: Celestin Freinet. Hai que lembrar que N.E.G., ademais desta publicación sumouse xenerosamente á celebración do centenario de Freinet cun espléndido nº 26 da Revista Galega de Educación e máis participou na tradución ao galego do libro de Freinet Técnicas da Escola Moderna, que reseñamos neste mesmo Boletín. Pero volviendo á interesante publicación que reseñamos, está estruturada en tres blocos temáticos: a perspectiva histórica da renovación


desde quince anos, como poden ser os Encontros Galego-Portugueses de Educadores pola paz, cursos, etc.; outras en cambio seguirán nun segundo plano, como pode ser a convocatoria do Día Escolar pola Paz, porque se ben fomos os que introducimos esta data no noso país, desde fai algúns anos, estanse a dar algúns dos perigos que xa apuntábamos desde o inicio: o seu uso manipulador e mesmo partidista, ademais de ter xa cumprido o seu ciclo fundamental; e, o que é máis importante, desde o punto de vista cualitativo intentaremos seguir abrindo novos frentes e posibilidades de acción. ¡Ah!, e por suposto seguiremos a disfrutar co traballo pola paz e a solidariedade.

pedagóxica e da educación para a paz, con especial detalle na realidade galega e portuguesa; o internacionalismo e o interculturalismo, como compeñentes clásicos da educación para a paz e do movemento Freinet; e, en terceiro lugar, a utilización didáctica do medio, como un principio renovador e de impulso dunha cultura participativa e democrática. En cada un dos tres blocos, combinanse as ponencias coa presentación de experiencias, feitas por autores e autoras de diferentes contextos xeográficos do Estado, Portugal e Francia. En definitiva, outra publicación interesante para coñecer máis tanto a historia como as prácticas anovadoras e comprometidas da educación para a paz. E un novo fito da educación para a paz de Ourense. As persoas interesadas nesta publicación poden adquirila nas librerías ou solicitala a: EDUCADORES POLA PAZ. Apdo. 577. Vigo.


**MEIXOME, C.; RIOS, X. e PELLITERO, L. (1996): Rusia. Das orixes á crise dun modelo.** Ir Indo, Vigo, Col. "Pretextos internacionais".

Os autores, membros do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), analizan neste texto os avatares do acontecer ruso, continuamente presentes nos medios de comunicación, partindo da propia historia do país e a súa xeografía física e humana. O libro está estruturado en catro grandes apartados: Singularidade física de Rusia; o socialismo soviético: a crise dun modelo; Rusia: un imperio dentro dun imperio; a Perestroika: o septenato de M. Gorbachov. A estrutura do libro, a linguaxe e máis o deseño gráfico, podemos calificalo de inequivocamente escolar: abundan os recadros, gráficos, mapas, fotografías, etc., o que sen dúbida o converte nun texto que poden manexar directamente o propio alumnado a partires da ESO. Como sinalan os autores, o que será Rusia no futuro inmediato é unha incógnita. Sen embargo con textos tan didácticos como éste, temos unha completa visión para entendermos mellor o que é hoxe o chamado "universo" ruso.

Dentro desta mesma colección "Pretextos internacionais", e dos mesmos autores, teñen publicado outra texto similar ao que comentamos sobre O Conflicto dos Balcáns. A ex-iugoslavia, ao que se lle acompaña cun Caderno de traballo para o alumnado. As persoas interesadas




nesta publicación poden adquirirla nas librerías ou directamete na editorial: Edicións Ir Indo. Avda. da Florida, 30. 36210 VIGO. Tfno.(986) 21 12 12. Fax: (986) 21 11 33.



■ **CONNELL, R.W. (1997): Escuelas y justicia social.** Morata, Madrid.

R.W. Connel, Catedrático de Socioloxía na Universidade de California (EE.UU), presentanos un libro tan sinxelo como interesante, necesario como útil, para entendermos as relacións entre sistema educativo e xusticia social. O tema é, sen dúbida, central a todo educador/a, e moi particularmente para os que nos consideramos educadores/as para a paz, en tanto que, non o esquezamos, ésta é sinónima de xusticia social. Por elo, preguntarse e responder a interrogantes como, ¿a quen serve en realidade



o sistema educativo?, ¿existe conexión entre o que sucede no sistema educativo, as desigualdades que no mesmo se xeran e as desigualdades sociais?, etc., son cuestións nucleares de todo proxecto educativo crítico e emancipador.

A obra estruturase en dúas partes. Na primeira, "Os principios", partindo do cuestionamento da "indiferencia moral e a ausencia de responsabilidade", abórdanse aspectos como o significado da xusticia na educación; pobreza e educación compensatoria; coñecemento, obxectividade e hexemonía; a xusticia curricular, capítulo especialmente xugoso e interesante, onde o autor popón tres principios básicos para fomentar a xusticia curricular: ter en conta os intereses dos menos favorecidos; participación e escolarización común, e, en terceiro lugar, a construción dialéctica da igualdade. A segunda parte, "A práctica", estruturase en catro capítulos, onde se abordan cuestións como o traballo do profesorado; a avaliación do rendemento do alumnado; a participación e a democratización da investigación, pechándose a obra cun interesante apéndice con exemplos de prácticas en escolas para persoas desfavorecidas. Sen dúbida unha obra imprescindible. As persoas interesadas nesta publicación poden adquirirla nas librerías ou directamete na editorial: Ediciones Morata, Mejía Lequerica, 12. 28004 MADRID. Tfno. (91) 448 09 26. Fax. 448 09 25. <http://www.edmorata.es>


■ **SAEZ, P. (1997): Las claves de los conflictos.**

Madrid, CIP. Col. "Guías didácticas de educación para el desarrollo".


■ **AA.VV.(1997): Desarrollo, cooperación y solidaridad.**

Más allá del 0,7%. Madrid, CIP. Col. "Guías didácticas de educación para el desarrollo".

O Centro de Investigación para a Paz (CIP) de Madrid ven de publicar estes dous libros nunha nova colección titulada "Guías didácticas de educación para el desarrollo". O primeiro deles, é un novo traballo asinado polo profesor Pedro Saéz, do que nestas páxinas xa nos temos feito eco dos seus sempre interesantes traballos, sobre conflitos



**Desarrollo, Cooperación y Solidaridad**  
**MÁS ALLÁ DEL 0,7%**



internacionais que teñen unha resposta bélica. No capítulo un, analízanse factores e causas dos conflitos, centrándose nos casos de Chiapas, Bosnia-Herzegovina, Palestina, Argelia e os problemas pesqueiros; as tarefas e accións fronte aos conflitos. No capítulo dous, propóñense algunhas orientacións educativas para traballar tales conflitos na aula, que se concretan no capítulo tres a través de

diferentes exercicios didácticos. Se o Capítulo I parecenos excesivamente esquemático e as veces pouco claro, consideramos que no Capítulo dous e tres os profesores de historia, fundamentalmente, atoparán recursos moi válidos e interesantes para traballar na aula.

O segundo libro que reseñamos, Desarrollo, cooperación y solidaridad. Más allá del 0,7%, despois dunha pequena introducción sobre a problemática do desenvolvemento, intercambio desigual, deuda externa e o comercio xusto, aborda en tres bloques ou capítulos tres cuestións básicas: imaxes e percepcións da axuda ao desenvolvemento, a realidade da axuda ao desenvolvemento e concepto de desenvolvemento. En cada un destes capítulos a estrutura é a mesma: preguntas clave, actividades, material de apoio e recursos bibliográficos.

As persoas interesadas nestas dúas interesantes publicacións poden adquirirlas nas librerías ou directamete no CIP: C/Duque de Sesto, 40-entplta. 28009 MADRID. Tfno: (91) 431 02 80. Fax: (91) 577 95 50.

■ **SANCHEZ, G. (1997): Vidas minadas.** Madrid, Intermón-Manos unidas-Médicos sin fronteras.



■ **SALGADO, S. (1997): Terra.** Madrid, Alfaguara.

Por primeira vez, e supoñemos que non a última, reseñamos no NOVAPAZ dúas publicacións que non son de ensaio. Trátase de dous espléndidos libros de fotografías, de dous grandísimos fotógrafos, que retrataron de xeito maxistral dúas realidades violentas, atroces e perversas. No caso do cordovés Gervasio Sánchez o resultado das minas antipersonas, e, no caso do brasileiro Sabastiao Salgado, o movemento dos sen terra no Brasil. Ambos libros queren ser unha denuncia de traxediase e de dramas, pero tamén, en palabras



de G. Sánchez, alegatos contra o cinismo e a desidia da clase política. Pero, ao mesmo tempo, tamén son unha invitación para a acción, para a transformación de ditas realidades perversas, no ámbito no que nos movemos cada un de nós.

O libro de Gervasio Sánchez, despois dunha pequena introducción de Federico Mayor Zaragoza, as organizacións editoras do libro e do propio autor,



recolle as fotografías dos estragos causados polas minas antipersoas dando datos básicos sobre a situación das mesmas e os seus efectos devastadores e das persoas que as sufren. O itinerario fotográfico completase co recorrido polos casos de Sokheum Man, de Camboya; Joaquina Natchilombo, de Angola; Adis Smajic, de Bosnia; Manuel Orellana, de El Salvador; Wahida Abed, de Afganistán; Sofía Alface, de

Mozambique e de Justino Pérez, de Nicaragua. Ademais, o libro ten o aliciente de seren un libro solidario: os fondos recaudados coa venta do mesmo primeiro irán destinados a un fondo xerado polas organizacións editoras do libro para asistir ás vítimas das minas antipersoas.

O libro de Sebastião Salgado, despois dunha introducción de José Saramago, sempre brillante como é norma nel, fai un recorrido fotográfico por aldeas yanomamis e outras "xentes da terra"; os traballadores da terra, coas espeluznantes fotos dos traballadores das minas de ouro de serra Pelada; as migracións para as cidades e a vida nestas, para pechar coa parte adicada á loita pola terra das accións e represións sufridas polo movemento dos sen terra, rematando o libro coa impresionante foto dos sen terra no momento da súa entrada na ocupación dun latifundio, ¡de só 83.000 hectáreas!, en 1996.

As persoas interesadas nestas dúas magníficas publicacións poden adquirilas nas librerías ou pedilo á distribuidora, no caso do libro de G. Sánchez: Blume. Avda.

Mare de Déu de Lorda, 20. 08034 Barcelona. Tfno. (93) 205 40 00. Fax. (93) 205 14 41.

O libro de S. Salgado: Alfaguara. Juan Bravo, 38. 28009 Madrid.

**FREINET, Célestin (1997): Técnicas Freinet da Escola Moderna. Vigo, Xerais.**

O primeiro que temos que dicir ao comentar este libro, é a profunda emoción que nos invade ao podermos leelo en galego. En segundo lugar, a ninguén lle debe de estranar que o fagamos neste Boletín, xa que Freinet foi un dos grandes pedagogos comprometidos coa educación para a paz e a renovación pedagóxica, dous dos pilares nos que se fundamenta EDUCADORES POLA PAZ - NOVA ESCOLA GALEGA. O libro permite coñecer en grande



maneira o que foi o espírito e as técnicas Freinet. O Capítulo primeiro, fala dos inicios da súa práctica pedagóxica e as primeiras propostas concretas como o texto libre, a correspondencia interescolar, etc. No capítulo segundo, preséntase o que é unha fisonomía dunha clase Freinet, a non separación da escola da vida, a participación e a organización. No capítulo terceiro, presenta diferentes experiencias en contextos sociais e escolares diferentes, ademais dunha reflexión sobre o inicio das técnicas Freinet. No capítulo cuarto, é onde se abordan os métodos naturais da Escola Moderna, concretamente o método natural para a aprendizaxe do cálculo, das Ciencias e da Historia. Tamén se fai referencia á individualización do traballo, aos cadernos autocorrectivos; etc. O capítulo quinto, "Contra a esclerose das técnicas Freinet", é un pequeno alegato en contra da escolástica e o posible uso perverso destas técnicas. O libro péchase con dous anexos, a "Carta da Escola Moderna", onde no seu punto 10 se fai referencia ao compromiso do movemento Freinet co internacionalismo e a construción da paz, e o texto "¿En qué se recoñece unha clase Freinet?". Finalmente temos que destacar tamén que a edición galega conta cun excelente texto introductorio de Antón Costa, coñecedor profundo da obra do insigne pedagogo francés. As persoas interesadas nesta publicación poden adquirila nas librerías ou solicitala por contrareembolso (1.900 ptas., máis gastos de envío) a: EDUCADORES POLA PAZ. Apdo. 577. VIGO.

**MATERIAIS Á VENDA**

Por se aínda non os tés, lembrosche os maravillosos materiais que distribue o Grupo e cos que poderás cambiar o mundo, cando menos. Pero, ademais, estarás a axudar a financiar o NOVAPAZ (que tamén quere axudar a cambiar este mundo violento, desigual e inxusto).

EDUCADORES POLA PAZ (1986): **Educación para a paz.** A Coruña, Vía Láctea. ....1800 pts.

FREINET, C. (1997): **Técnicas Freinet da Escola**

Moderna. Vigo, Xerais. ....1.900 Pts.

JARES, X.R. (1993): **Técnicas e xogos cooperativos para tódalas idades.** A Coruña, Vía Láctea/Nova Escola Galega. (Segunda edición correxida).....2500 Pts.

JARES, X.R. (1991): **Educación para la paz. Su teoría y su práctica.** Madrid, Popular.....1500 Pts.

JARES, X.R. (1992): **El placer de jugar juntos.**

**Nuevas técnicas y juegos cooperativos.** Madrid, CCS. (terceira edición) .....1500 Pts.

TAIBO, C. (1994): **20 Preguntas sobre os conflitos iugoslavos.** Vigo, Nova Escola Galega. .... 300 Pts.

Boletín **NOVAPAZ.** Suscripción de 1000 pts. anuais (catro números).

**REVISTA GALEGA DE EDUCACION,** nº 18, adicada aos "temas transversais". Precio do número ..... 700 Pts.

**VARIOS AUTORES (1995): O reto do presente.**

**Feminismo, ecoloxía, Pacifismo.** Ourense, Fac. de Humanidades-NEG-Concello de Ourense.....1800 Pts.

PEDIDOS: Marque cunha cruz os títulos que se solicitan e indique o nº de exemplares. Enviar a folia a:

**EDUCADORES POLA PAZ**  
**Apdo. 577. VIGO (Pontevedra)**

**FORMA DE PAGO POR CONTRAREEMBOLSO.**

**Nos pedidos por correo hai que engadirlle os gastos de envío.**

## NOVAS

### III XORNADAS DE TRANSVERSALIDADE

Por terceiro ano consecutivo e organizadas polo CEFOCOP da Coruña, celebráronse nesta cidade as III Xornadas de transversalidade durante os días 22 ao 26 de setembro do 97. Desde o seu inicio contan co apoio de EDUCADORES POLA PAZ, participando ademais como ponentes en conferencias e/ou obradoiros en todas as edicións. Este ano o tema escollido foi "Xuntos na diferenza"; ademais de conferencias e mesas redondas, houbo diferentes obradoiros sobre coeducación, educación vial, educación para a paz e a tolerancia, saúde mental e educación para o lecer. Sen dúbida unha cita que debe seguir consolidándose na área de influencia da cidade herculina, polo que felicitamos e animamos ao CEFOCOP da Coruña a continuar nesta liña.

### V ENCUENTRO INTERNACIONAL SOBRE SERVICIOS SOCIALES

Do 12 ao 14 de novembro e organizado polo Centre Valencià del Voluntariat, da obra social Bancaixa, celebrouse en Valencia este V Encontro Internacional adicado este ano ao tema "Racismo y educación para la paz". Conferencias, mesas redondas, panel de experiencias e obradoiros conformaron a estrutura organizativa do evento. Entre estes últimos citamos "Didáctica da solidariedade", "Integración das diferenzas culturais", "Políticas sociais e loita contra as desigualdades", "Redes de solidariedade internacional", impartidos respectivamente por Xesús R. Jares, Javier de Lucas, Gregorio Rguez. Cabrero e Joaquín García Roca. A través desta invitación que recibimos, podemos coñecer experiencias moi interesantes non só en e no propio Encontro, senón tamén a do Centre Valencià del Voluntariat e do Colexio maior "La Coma".

### CONGRESO SOBRE EDUCACION E DEREITOS HUMANOS

Organizado por Justicia i Pau celebrábase en Barcelona os días 20, 21 e 22 de marzo. Haberá conferencias, mesas redondas e obradoiros. Entre os ponentes están Pere Fontán, Rafael Grasa, Xesús R. Jares e Mariló Candedo (presidenta de Nova Escola Galega). Os obradoiros versarán sobre contos e paz, expresión musical, dereitos humanos na aula, resolución de conflitos, etc. Non faltarán actividades artísticas e festivas en torno á paz e os dereitos humanos. As persoas interesadas poden poñerse en contacto con Justicia i Pau de Barcelona. Rivadeneyra, 6-10º. 08002 BARCELONA. tfno. (93) 317.61.77. Fax. (93) 412.43.84.

### V JORNADAS ARAGONESAS DE EDUCACION PARA LA PAZ

Do 3 ao 5 de abril no Centro Pignatelli de Zaragoza terá lugar a quinta edición destas xornadas aragonesas de educación para a paz. As xornadas comezan o día 3 pola tarde cunha conferencia de Pedro Saéz "Identidades nacionais e educación para a paz". Ao día seguinte pola mañán haberá

dúas conferencias, "Hombres y mujeres: tensiones entre la igualdad y la diferencia", de Carmen Magallón, e "Cómo reorientar la dinámica del conflicto intercultural", a cargo de Jesús Gómez y Jorge Sanz. Pola tarde será o tempo dos obradoiros, que van desde novos enfoques da didáctica e metodoloxía da historia, deica o "tratamiento de rasfos nacionalistas en los conflictos escolares", pasando polo feminino e o masculino ou a tolerancia a través da música. O domingo pola mañán será o tempo reservado para a presentación de experiencias. Unha iniciativa felizmente consolidada da que nos congratulamos enormemente. As persoas interesadas poden poñerse en contacto coa organización no seguinte enderezo: Centro Pignatelli. Paseo de la Constitución, 6. 50008 ZARAGOZA. Tfno. (976) 21 72 17. fax. (976) 23 01 13.

### XORNADAS SOBRE A VIOLENCIA

Organizadas pola recién creada Asociación cidadá para a prevención da violencia en Vigo, vañse celebrar no Instituto Municipal de Educación da cidade olívica os días 13, 14 e 15 de maio, unhas xornadas interdisciplinares sobre a incidencia da violencia en todos os ámbitos da vida. Nas mesmas analizaranse as causas da violencia, a relación agresividade-violencia e o traballo contra a violencia en diferentes ámbitos: alcohólicos, drogadicción, inmigrantes, infancia, escola, urbanismo, saúde, etc. Representando á educación para a paz estará como ponente Xesús R. Jares.

### UNIDADE DIDACTICA SOBRE OS REFUXIADOS

Elaborada e editada por Amnistía Internacional, a Federación de Ensino de CC.OO e FETE-UGT Galicia, ven de ser editado un folleto-guía didáctica titulado Refuxiados: os dereitos humanos non teñen fronteiras. A publicación ten unha primeira parte na que se introduce o tema dos refuxiados: breve reseña histórica sobre o concepto de refuxiado; datos para a reflexión (entre eles non podemos esquecer que no mundo hai 40 millóns de refuxiados, estimándose que dita cifra aumenta cada día nunhas 10.000 persoas); causas dos refuxiados, sendo fundamentalmente unha vulneración dos Dereitos Humanos; a política de asilo da Unión Europea, cuestionando os novos muros administrativos que se están a erguer no noso continente. Na segunda parte, propoñense unha serie de actividades didácticas para traballar esta temática en diferentes áreas da ESO e Bacharelato. Na terceira parte propoñense accións urxentes para intervir, así como direccións de organizacións que se ocupan desta problemática e un pequeno listado de películas e libros. As persoas interesadas nesta guía poden poñerse en contacto coas organizacións editoras:

Amnistía Internacional. Velázquez Moreno, 9-1º. 36201 VIGO. TFno/Fax: (986) 22 55 52.

FE de CC.OO. Triacastela, 3-entrecán. 15703 Santiago de Compostela. Tfno. (981) 55 20 50.

FETE-UGT Galicia. Gral. Pardiñas, 26 baixo esqda. 15701. Santiago de Compostela. Tfno. (981) 57 36 34.

## TEMPO EXTERIOR

Saudamos a saída do Boletín Tempo Exterior publicado polo Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), do que é director o noso colega Xulio Ríos. O Boletín pretende servir de enlace con todas aquelas persoas preocupadas pola política internacional e máis a inserción de Galicia nesa realidade. Obxectivos que enlazan cos propios do IGADI: incorporar os problemas internacionais á nosa realidade; observar e analizar os problemas e conflitos internacionais desde o noso contexto e, en terceiro lugar, favorecer a proxección de Galicia no mundo a todos os niveis. A estrutura do boletín componse dunha editorial e uns pequenos artigos, aos que se lle soe acompañar unha sección de breves. No momento de redactar estas liñas xa van publicados tres números. As persoas interesadas en recibir este interesante e necesario Boletín poden dirixirse a: IGADI. Avda. Joselín, 7. 36300 BAIONA (Pontevedra). Tfno/Fax: (986) 35 72 38.

## LA COMBA

Outro Boletín que ten aparecido desde o último NOVAPAZ é o que leva por nome La Comba. Boletín de Educación Física para a paz. O número céro saiu en novembro do ano pasado. Na presentación do boletín explican os obxectivos deste animoso colectivo -do que xa temos coñecemento a través das dúas publicacións e do coñecemento directo ao coincidir en diversas actividades de animación da educación para a paz-, entre os que destacamos a resolución nonviolenta dos conflitos; o promover o coñecemento de outras culturas a través das súas manifestacións motrices e favorecer a integración de todos e todas e cada un dos alumnos da ula, entre outros. O boletín consta, ademais da presentación, das seguintes seccións: panel de información das actividades nas que participou o grupo; unha proposta de clasificación de xogos; unha sección de xogos non competitivos cooperativos; outr de xogos de outras culturas e, por último, a sección de libros recomendados. Creemos que os estudantes e profesionais ligados á Educación Física teñen aquí un sólido, bó e interesante contacto para intercambiar experiencias, impresións, traballos, etc. ao rédor desta necesaria conxugación, como son os contidos da área de Educación Física coa Educación para a paz. As persoas interesadas poden dirixirse a: Asociación cultural "La Comba". Paseo de Zorrilla, 119-1º A. 47008 VALLADOLID. Tfno. (983) 47 80 27.

## CURSOS VARIOS

Nos últimos meses temos participado como ponentes en numerosos cursos de educación para a paz, xogos cooperativos e resolución de conflitos por toda a xeografía española. Mesmo temos que dicir que estamos felizmente desbordados non podendo atender todas as peticións que nos chegan, situación que cecais deberíamos abordar no próximo Encontro Galego-portugués de Educadores pola Paz. Por citar algúns, impartimos seminarios ou cursos nos seguintes lugares: Pamplona (organizado polo CEP); Bilbao (Elkarri e a Federación de ikastolas); Ferrol (Asociación Provincial de centros de Ensino); A Coruña (CEFOCOP); Ferrol (CEFOCOP); Santiago (CEFOCOP); Valencia (Centre Valencià del Voluntariat); San

Cibrao (Lugo) (IES de Cervo-CEFOCOP de Lugo); Oviedo (FE de CC.OO); Inca, Baleares, (CEP); Tarazona, Zaragoza, (CEP); Ourense (CEFOCOP); ... Temos que resaltar que, moitos destes cursos teñense transformado en asesorías e/ou proxectos de formación en centros, co que sen dúbida estase a dar un paso máis na liña de continuidade e profundización no traballo, o que leva consigo tamén, diferentes sesións de formación ao longo de todo o curso. De aquí a final de curso participaremos como ponentes nos seguintes cursos ou xornadas: 2ª sesión de traballo no CEP de Inca (Baleares), do 5 ao 7 de marzo; Sevilla (Universidade), 16 ao 18 de marzo; Congreso de Dereitos Humanos (Barcelona), do 20 ao 22 de marzo; 24 de marzo e 19 de maio no IES de San Cibrao-Cervo (Lugo); no Curso de achegamento ao terceiro Mundo, organizado por Estudantes Solidarios, Lugo (Escola de Maxisterio) 14 de abril e Santiago 15 de abril; 24 ao 26 de abril, no XII Encontro galego e V Galego-Portugués de Educadores pola Paz, (Mértola, Alentejo, Portugal); 2ª sesión do curso do CEP de tarazona (Zaragoza), 8 e 9 de maio; Xornadas sobre a violencia en Vigo, do 13 ao 15 de maio.

## MENIÑOS

Con este número recibides o tríptico de "Meniños. Fundación para a infancia". Como temos feito noutras ocasións con outras asociacións e entidades (por exemplo o folleto da obxección fiscal que enviamos todos os anos), as páxinas do NOVAPAZ e o envío do mesmo tamén son un vehículo de transmisión directa de información solidaria e pacifista. Con elo queremos apoiar a súa campaña en favor dos dereitos dos nenos e nenas en abandono do Ecuador. Concretamente para solucionar a situación legal e familiar de 3.100 nenos/as internos en fogares de protección no citado país latinoamericano. Para maior información, forma de cooperar, etc. vexase o folleto que adxuntamos. Meniños. R/Salvador de Madariaga, 47-baixo. A Coruña. E-mail: [meninos@arrakis.es](mailto:meninos@arrakis.es). Información: 902 22 07 07.

## VIII CURSO DE ACHEGAMENTO AO TERCEIRO MUNDO

Como en edicións anteriores a ONG Estudantes Solidarios organiza esta nova edición destes interesantes cursos. Esta oitava edición terá lugar en diversas sesións con diferentes ponencias e talleres durante os días 14, 15, 18, 23, 24, 25, 29 e 30 de abril, nas cidades de Santiago e Lugo. Na primeira terá lugar no Salón de actos da Fac. de Xornalismo e en Lugo será no Salón de actos da Escola de Maxisterio. O tema desta edición é "Cultura da paz". Entre os ponentes estarán Buy Kabunda que falará sobre "A imaxe de Africa negra nos medios de comunicación", ademais dun taller sobre "Pensamento único"; Xesús R. Jares, falará sobre "Cultura para a paz e desenvolvemento"; outro dos talleres versará sobre "A resposta nonviolenta ante a violencia en América Latina". Para máis información poden poñerse en contacto con: Estudantes Solidarios. Facultade de Veterinaria de Lugo. Tfno. (982) 25 23 03. Ext. 22476 ou 22000. A entrada é libre aínda que para os certificados e documentación compre inscribirse.

## AIPAZ

Os días 30 e 31 de maio constituíuse na cidade de Granada a Asociación Española de Investigación para a Paz (AIPAZ). Representantes de doce organizacións de todo o Estado, de Galicia estivo EDUCADORES POLA PAZ, decidiron constituir esta necesaria asociación, co propósito de coordinar, promover, difundir e potenciar os estudos sobre a paz en España. Comprometida coa concepción positiva de paz a Asociación está aberta a todas aquelas persoas e asociacións que teñan como finalidade os obxectivos citados. Entre os

propósitos iniciais da Asociación está editar un Boletín trimestral de comunicación para os seus membros, do que podemos informar que xa saiu o nº céro, outubro do 97, no que se fai a presentación da mesma e se recollen os Estatutos presentados ao ministerio do Interior para a súa aprobación. As organizacións fundadoras desta Asociación son: Seminario de Investigación para a paz (Zaragoza); Instituto de Estudos transnacionais (INET) (Córdoba); Capítulo español del Club de Roma (Madrid); Centro de



Investigación para la Paz (CIP) (Madrid); Instituto de la Paz y los Conflictos (Granada); Cátedra Unesco de paz y derechos humanos (Barcelona); Gernika Gogoratuz (País Vasco); Educadores pola Paz-Nova Escola Galega (Galicia); European Peace University-Universitat Jaume I (Castellón); Grupo de educación para la paz-Concejo Educativo castilla y León (Valladolid); Universidad de Alicante; Sección española de escuela Instrumento de Paz (EIP) (Almería).

Na citada xuntanza do 31 de maio, ademais de aprobar os estatutos eleixiuse á primeira xunta Directiva da Asociación, quedando como segue: Presidente: Vicenç Fisas (Cátedra Unesco-Barcelona); Vicepresidente: Mariano Aguirre (CIP-Madrid); Secretario: Francisco Muñoz (Instituto de la Paz y los Conflictos-Granada); Tesoureira: Beatriz Molina (Instituto de la Paz y los Conflictos-Granada); Vocales: Jesús M<sup>a</sup> Alemany (Seminario de Investigación para la paz-Zaragoza); Xesús R. Jares (Educadores pola Paz-Nova Escola Galega-Vigo); José M<sup>a</sup> Tortosa (Universidad de Alicante-Alicante) e Vicenç Martínez (European Peace University-Universitat Jaume I-Castellón).

As cuotas quedaron establecidas en 5.000 pts. anuais para os socios/as individuais, sendo de 3.000 pts. para estudantes e parados. Para as asociacións a cuota anual é de 15.000 pts.

Para calquer tipo de consulta, altas de socios, etc. hai que dirixirse á sede da asociación: C/ Rector López Argüeta, s/n. 18071 GRANADA. Tfno/Fax: (958) 24 41 42. E-mail: aipaz platon.ugr.es.

Consideramos un feito de vital importancia a constitución desta Asociación para o futuro inmediato da investigación para a paz, nas súas diferentes áreas de traballo na que a investigación en educación para a paz debe ocupar un lugar preferente. Un sinal da importancia que lle otorgamos á mesma é o feito de darlle unha sección fixa nas nosas páxinas do NOVAPAZ para publicitar todo aquilo que teña que ver coa vida da Asociación. Por conseguinte asumimos o compromiso de termos informados de todo o que faga a Asociación.

## XII ENCONTRO GALEGO E V GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES POLA PAZ Hotel Universal - Gerês (Portugal). 24, 25 e 26 de abril de 1.998

Desde as páxinas do **NOVAPAZ** convocamos á cita anual de todas as persoas que nos identificamos cos presupostos ideolóxicos e didácticos dunha educación para a paz. Como é sabido, desde fai anos os **ENCUNTROS GALEGO-PORTUGUESES DE EDUCADORES POLA PAZ** celebranse de forma rotativa en Galicia e Portugal. Este ano toca no veciño país. Despois das consabidas pesquisas o lugar elixido é o incomparable marco do Parque Natural do Gerês (Portugal), no límite coa provincia de Ourense.

Como en edicións anteriores a convocatoria está aberta a todas as persoas e grupos de Galicia, resto do Estado e de Portugal que queiran presentar as súas experiencias, propostas, materiais, etc., sen esquecermos do que xa é tradicional e genuino desta convocatoria: unha invitación para encontrarmos e compartir (experiencias, propostas, xogos, ilusións, etc.) e, con elo, "cargar pilas".

O tema de traballo deste ano está focalizado no binomio **medio ambiente-desenvolvemento**. Por elo a maior parte dos obradoiros/oficinas/talleres teñen que ver coa esta temática urxente e inaprazable. Pero ademais do tema e dos obradoiros, o propio emprazamento do Encontro é un motivo máis para xuntármolos.

**DATAS DE CELEBRACION: 24, 25 e 26 de abril de 1998**

**LUGAR: Hotel Universal - Gerês. Portugal.**

**ORGANIZA: Educadores pola Paz-Nova Escola Galega, Movimento dos Educadores para a Paz de Portugal (MEP); NEP-Viana do Castelo (Portugal) e Dto. de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña.**

**PROGRAMA (Avance):**

**Venres/Sexta, día 24 de abril:**

- 16 h. Recepción, aloxamento, entrega de documentación.
- 18,30 h. Xogos cooperativos.
- 19,45 h. Apertura, Boas vindas.
- 20,00 h. Mesa redonda. "Escola rural e desen-

volvemento". Intervenien representantes de grupos e expertos de Galicia e Portugal.

- 21,30 h. Cea/Jantar.
- 23,00 h. Festa do 25 de abril.

**Sábado, día 25 de abril:**

- 8,30-9,30 h. Almorzo (pequeno almoço)
- 9,30 h. Presentación do tema de debate deste ano: "Educación para o desenvolvemento".
- 11 h. Pausa, café.
- 11,15 h. Traballo en grupos simultáneos sobre o tema de debate.
- 13 h. Conclusións, posta en común (Gran grupo).
- 14,00 h. Xantar (Almoço).
- 16 h. Obradoiros/Oficinas simultáneos. Cada asistente deberá inscribirse nun só taller que terá dúas sesións, que se farán ao longo de toda a tarde do sábado. Os talleres que se ofertan este ano son:
  - "Educar para a paz a través da música".
  - "Ciclos de formación e equipamentos de educación ambiental".
  - "Xogos cooperativos".
  - "Educación para o desenvolvemento".
  - "Literatura e paz"
- 20,30 h. Cea/Jantar.
- 22,30 h. Gran Festa pola Paz.

**Domingo, día 26 de abril:**

- 9-10 h. Almorzo (pequeno almoço)
- 10,30 h. Presentación de experiencias.
- 12,00 h. Avaliación e Conclusións.
- 13,15 h. Fotografía da paz.
- 13,30 h. Clausura/Encerramento do Encontro.
- 13,30 h. Xantar (Almoço).

**EXPOSICION E VENDA DE MATERIAIS:**

Durante o ENCONTRO haberá exposición de materiais dos escolares e venda de materiais alternativos. As persoas/grupos que queiran desenvolver unha destas actividades deben comunicalo á organización para reservar o sitio.

**PREZO:**

a) Deica o 6 de abril: 15.000 ptas. (18.000 \$)

b) Despois do 6 de abril: 16.500 ptas. (19.800 \$)

Nota: Os prezos inclúen manutención e aloxamento en habitacións dobres e matrícula. Habitacións individuais suplemento de 2.500 ptas. (3.000 \$).

**INSCRIPCIONS:**

Prazas limitadas. Enviar os datos persoais, xunto coa fotocopia do xustificante da transferencia bancaria a:

Educadores pola Paz.

Apdo. 577. VIGO (Pontevedra). España.

**FORMA DE PAGO:**

Transferencia bancaria a nome de Educadores pola Paz ó seguinte número de conta: 2080.0000.71.0040194535

de Caixavigo (Oficina principal) en Vigo.

**PRESENTACION DE EXPERIENCIAS:**As persoas ou grupos que presenten experiencias deberán **enviar un resumo da mesma nun máximo de dous folios** para entregar aos asistentes (Prégase acompañalo con soporte informático en WP.5.1), xunto cos seus datos persoais e o material que precisan para a súa exposición.**CERTIFICADO DE ASISTENCIA**

ACTIVIDADE HOMOLOGADA POLA CONSELLERÍA DE EDUCACION POR UN TOTAL DE 20 HORAS. Entregarase Certificado oficial aos asistentes por valor de 20 horas de formación, así como aos que presenten experiencias/comunicacións.

**XII ENCONTRO GALEGO-V GALEGO/PORTUGUÉS DE EDUCADORES POLA PAZ  
- FICHA DE INSCRIPCION -**

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_

Cidade: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_ Tfno.: \_\_\_\_\_

Centro de traballo: \_\_\_\_\_

Area ou materia que imparte: \_\_\_\_\_

Vas presentar algunha experiencia/Comunicación? \_\_\_\_\_

En caso positivo sinalar o título e a temática \_\_\_\_\_

Compartirei aloxamento con: \_\_\_\_\_

¿Recibes o boletín NOVAPAZ? \_\_\_\_\_ Socio/a de: \_\_\_\_\_

OBSERVACIÓNS: \_\_\_\_\_



**EDUCADORES/AS POLA PAZ**  
Apartado 577 - VIGO  
(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. -457 -90

Imprime: FEITO, S.L. Hernán Cortés, 13-15 Int. - VIGO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

